

Emberiza cia (Linnaeus, 1766)

| | |
|--|--|
| | escribenta riscada |
| | escribano montesino |
| | mendi-berdantza |
| | sit negre |
| | rock bunting |
| | escrevedeira-de-garganta-cinzenta, cia |



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

| | |
|--------------------|------------|
| Peso | 25 g |
| Lonxitude | 15-16,5 cm |
| Envergadura | 21,5-27 cm |

| FILO | CLASE | ORDE | FAMILIA | XÉNERO |
|----------|-------|---------------|-------------|-----------------|
| Chordata | Aves | Passeriformes | Emberizidae | <i>Emberiza</i> |

ALIMENTACIÓN

Sementes, xemas, brotes e froitos diversos. Tamén invertebrados, sobre todo na cría.

COMPORTEMENTO

É un paxaro tranquilo, que permanece moito tempo pousado ao descuberto en arbustos ou rochas. Constrúe o seu niño en terra e protexido por unha pedra ou mato. É a femia a que leva a cabo esta tarefa.

REPRODUCCIÓN

Celo de abril a xullo. Frecuentemente dúas postas por temporada, de 3-6 ovos de cor gris ou branca con listas irregulares, que a femia incubará 12-14 días. Os polos abandonan o niño aos 10-14 días.

HÁBITAT

Áreas abertas (pastos, rochedos) de montañas, con matogueira e piñeiro baixo.

DISTRIBUCIÓN

Rexión temperada de Eurasia e o norte de África, sobre todo nos ambientes montanos de ambas.

CURIOSIDADES

A finais do inverno os machos toman posesión dos seus territorios, cortexando ás femias cando chegan, abrindo e pechando a cola para mostrar as súas plumas laterais brancas. Tamén lles ofrecen materiais de construción para o niño, pero as femias habitualmente descártanos.

A subespecie que aparece no noso territorio é *Emberiza cia* subsp. *cia*